

## QUE É A FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA?

É unha parte das ensinanzas da Formación Profesional do sistema educativo organizada en perfiles profesionais que permite adquirir competencias profesionais dunha determinada profesión.

## CANTO DURAN ESTAS ENSINANZAS?

Un total de 2000 horas repartidas en 2 cursos académicos.

## QUE TITULACIÓN SE ACADA E QUE SAÍDAS TEN?

Ao rematar obtense o título profesional básico. Inclúe alomenos unha cualificación profesional básica completa de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

**Co título de FP Básica poderase acceder a :**

- Ciclos de FP de Grao Medio (no perfil de cada título indícanse os ciclos con preferencia de acceso).
- Educación Secundaria de Adultos (ESA) e validar os ámbitos superados de FPB, que permiten obter directamente o título de Graduado en Educación Secundaria.

### ANEXO VI

**Cadro de equivalencias, para efectos académicos e de validacións dos módulos de los ciclos de formación profesional básica definidos pola Lei orgánica 2/2006 modificada pola Lei orgánica 8/2013, cos módulos correspondentes á educación secundaria para persoas adultas**

| Módulos dos ciclos de formación profesional básica | Módulo 3 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas |
|----------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------|
| Módulo de Comunicación e sociedade I               | Ámbito da comunicación e ámbito social                            |
| Módulo de Ciencias aplicadas I                     | Ámbito científico-tecnolóxico                                     |

| Módulos dos ciclos de formación profesional básica | Módulo 4 de educación secundaria obrigatoria para persoas adultas |
|----------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------|
| Módulo de Comunicación e sociedade II              | Ámbito da comunicación e ámbito social                            |
| Módulo de Ciencias aplicadas II                    | Ámbito científico-tecnolóxico                                     |

- Co título de FPB existe a posibilidade de obter o título de Graduado en ESO se o equipo docente considera que alcanzaron os obxectivos da ESO e adquiriron as competencias correspondente.
- Inserción no mercado laboral de xeito cualificado. O título de FP Básica ten os mesmos efectos laborais que o título de ESO e capacita para levar a cabo funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais.
- Certificados de profesionalidade de nivel 2 de cualificación profesional da mesma familia profesional (Existen 5 niveis de cualificación profesional).

## CALES SON OS REQUISITOS PARA ACCEDER A UN CICLO DE FP BÁSICA?:

Hai que cumprir todos e cada un dos seguintes requisitos:

- Cumprir os 15, 16 ou 17 anos no ano de comezo do programa.
- Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.
- Ser proposto/a polo equipo docente.
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais.

De quedar prazas vacantes, completaranse os grupos con persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que fagan 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- Que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.
- Estas persoas deberán presentar a solicitude de admisión nos prazos establecidos para a oferta obrigatoria e, de existir máis solicitudes que prazas, asignaranse as prazas seguindo o criterio de menor a maior idade.

### **QUE TIPO DE MÓDULOS SE ESTUDAN NA FP BÁSICA?**

- Módulos asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
- Módulos asociados a bloques comúns:
  1. Módulo de comunicación e Sociedade I e II (Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés e Ciencias Sociais.
  2. Módulo de Ciencias Aplicadas I e II (Matemáticas e Ciencias Aplicadas ao contexto persoal e ao campo profesional)
- Módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT).
- Tutoría semanal.

### **A TUTORÍA SEMANAL:**

Cada grupo contará cun titor/a e cunha hora de tutoría semanal onde se traballarán os seguintes temas:

- Técnicas de estudo
- Resolución de conflitos
- Autoestima e responsabilidade
- Habilidades comunicativas
- Traballo en grupo
- Orientación académica e profesional

### **A AVALIACIÓN:**

- Poderase permanecer cursando o ciclo durante catro anos.
- Poderase repetir unha soa vez cada un dos cursos.
- Para promocionar haberá que superar todos os módulos ou cando os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20 % do horario semanal, con todo, deberá matricularse dos módulos profesionais pendentes de primeiro curso.
- A avaliación realizarase por módulos e haberá dúas convocatorias anuais para a superación dos módulos.

## QUE HAI QUE FACER PARA MATRICULARSE

Ao inicio do mes de setembro hai que preguntar nun centro de secundaria ou consultar no portal educativo [edu.xunta.es/fp](http://edu.xunta.es/fp) as datas exactas do presente curso académico. O procedemento é moi sinxelo e consta de 3 fases:

**1º Solicitude de praza**, podendo solicitar dous ciclos básicos por orde de preferencia. Entrégase o documento no centro elixido en primeiro lugar.

**2º Adxudicación da praza**: Publícanse as listas de admitidos nos centros. Se non se foi admitido no centro de primeira preferencia hai que consultar os listados no centro solicitado en segunda preferencia.

**3º Matriculación**: no centro adxudicado.

## LUGAR DE ENTREGA DA SOLICITUDE:

- O alumnado que fose proposto/a para realizar un ciclo de formación profesional básica deberá presentar unha única solicitude de admisión e matrícula, na secretaría do centro en que pretendan ser admitidos/as en primeira opción. No impreso de solicitude poderase sinalar ata dous ciclos de FPB en orde de preferencia. A documentación que se precisa entregar hai que recollela previamente no centro de orixe ( en caso de que no curso anterior estivese escolarizado).

.

## CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DAS PLAZAS:

- En xeral o número de prazas por ciclo é de 20, das cales un 10% serán reservadas para o alumnos/as que teñan recoñecida unha discapacidade.

- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, no caso de existir maior número delas que de postos escolares dispoñibles, asignaranse as prazas conforme os seguintes criterios de prioridade:

1º Alumnado que cursase 2º de ESO.

2º Alumnado que cursase 3º de ESO.

3º Alumnado que cursase 4º de ESO.

- Dentro de cada grupo, ordenarase de menor a maior idade.
- En caso de empate entre varias persoas solicitantes por un mesmo posto escolar e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionaranse en virtude do sexo menos representado na área profesional en que se demande a praza de formación.
- Se logo de aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o procedemento e o resultado do sorteo que anualmente realiza a Consellería con competencias en educación para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.

## DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE:

- Anexo I: Impreso de solicitude asinado polo solicitante ou polos titores legais no caso de ser menor de idade.
- Anexo II: Consello orientador asinado polo titor, orientador e Director do centro de orixe.
- Anexo III: Consentimento asinado polo pai/ nai / titor/a legal do alumno para cursar estas ensinanzas (este anexo entrégase no centro de orixe).

- Anexo IV: Comunicación de incorporación á FP Básica de que foi proposto polo equipo docente, asinada polo Director do centro de orixe.
- Certificado de discapacidade (se procede).
- Copia DNI ou NIE, en caso de non dar consentimento para comprobación de datos.